

xaneiro



o reaxuste

Nº 1 | Xaneiro de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

DL C-374-2007

III XORNADA SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL

O pasado venres 19 de xaneiro, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) celebrou en Lugo as III Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social.

Organizadas polo Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CEESG, en colaboración coa Obra Social Caixa Galicia e o Concello de Lugo, as xornadas serviron de punto de encontro a máis de cincuenta persoas que de xeito activo e participativo, reflexionaron acerca das novas necesidades e demandas que, respecto ao incremento da esperanza de vida, presenta a sociedade en xeral e as persoas maiores en particular; coñeceron novas experiencias profesionais de intervención socioeducativa en distintos recursos de atención xerontolóxica de proximidade e participaron no deseño e construción do discurso e das liñas de acción propias da Educación Social no traballo con persoas maiores.

As xornadas leváronse a cabo na Aula Sociocultural de Caixa Galicia de Lugo e o programa das mesmas resultou do máis variado e interesante. Ás 10 da mañá, inauguráronse as Xornadas coa asistencia de Manuel Aguilar López, Director da Obra Social de Caixa Galicia; Alberto Fernández Sanmamed, Presidente do CEESG; José López Orozco, Alcalde do Concello de Lugo e Branca Rodríguez Pazos, Delegada provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia. A continuación, deuse paso á conferencia inaugural "*Conceptos clave dun Programa de Persoas Maiores e experiencia de 16 anos*", a cargo de Ángel de Castro Gutiérrez, Xefe de Programas de Animación Comunitaria da Deputación de Valladolid, que fixo un repaso á súa experiencia de preto de dúas décadas a cargo do Programa de Persoas Maiores de Valladolid, experiencia de animación sociocultural local e comarcal que actualmente dinamiza a máis de 1500 persoas maiores participantes e xira en torno a catro grandes liñas de intervención: a prevención, a sensibilización, a promoción e a integración.

A media mañá, a participación dos/as asistentes foi intensa nos debates abertos nos catro obradoiros previstos: centros sociais, teleasistencia, axuda no fogar e centros de día para persoas maiores. Dinamizados por catro educadoras sociais, plantexáronse enfoques, dúbidas, problemáticas, necesidades, propostas, tanto dende a situación actual destes recursos sociais de proximidade, como dende a perspectiva profesional da Educación Social.

A tarde deu comezo cunha mesa redonda titulada "*Os Educadores Sociais nos recursos xerontolóxicos de proximidade*", na que catro educadoras sociais nos contaron a súa interesante e rica experiencia de traballo en distintos recursos de atención

xerontolóxica. Deste xeito, Ana Estévez Fernández, falounos do programa de intervención socioeducativa do Centro Municipal de Atención ao Maior do Concello de Narón, centro que ela coordina, e acompañada da intervención de tres persoas maiores usuarias do seu centro (Paquita, Silvano e Josefa), aportouse a visión do traballo técnico dunha educadora dende ambas perspectivas. Fátima Fernández Gómez, coordinadora do Centro de Día Antonio Gandoy de Lugo, explicou as diferentes iniciativas socioterapéuticas que levan a cabo tanto coas persoas maiores usuarias como coas súas familias. A continuación, Eva Moure García, describiu a súa experiencia como educadora e directora de Medelle Servicios Comunitarios, empresa que xestiona, entre outros, servizos de axuda no fogar. E, por último, Rosa Gómez Fernández, explicounos as funcións que desenvolve como coordinadora do Servicio de Teleasistencia de Euxa Servicios Sociosanitarios S.L.

A continuación, na mesa redonda "*Os recursos xerontolóxicos de proximidade en Galicia. Perspectiva actual*", Jesús Norberto Fernández Muñoz, Subdirector Xeral Adxunto de Planificación do IMSERSO, plantexou a súa exposición en preguntas e respostas en torno á Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia. E Ana Tabarés Martínez, Xefa de Servizo da Concellería de Muller e Benestar Social do Concello de Lugo e Branca Rodríguez Pazos, Delegada provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar na provincia de Lugo, centraron as súas intervencións nos recursos asistenciais para persoas maiores existentes actualmente en Lugo, Concello e provincia respectivamente, así como os proxectados cara un futuro inmediato.

A última conferencia do día foi a exposta por Miguel Ángel Vázquez Vázquez, profesor de Xeriatría da Universidade de Vigo, que centrou a súa exposición "*Malos e bos tratos ás Persoas Maiores. Un ámbito novo en Xeragoxía para a Intervención na Dependencia*" na función e protagonismo que a Educación Social debería ter nun tema tan relevante como o que centrou a súa conferencia.

E finalmente a clausura. Miguel Ángel Vázquez, Juan José Castro, responsable do Programa de Maiores de Caixa Galicia e Andrea Fernández Resille, membro do Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CEESG, pecharon as xornadas recollendo un feixe de propostas, suxestións e ideas cara a desenvolver novas actividades e actuacións dende o CEESG. Grazas a tódolos/as asistentes e participantes.

Paloma M^a Seijo Anca
Vogal do CEESG
Coordinadora do Grupo de Estudos e Intervención
Xeragóxica do CEESG

MES DE DECEMBRO

- ✓ Publicación no BOE da Lei 41/2006, de creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*.
- ✓ Xuntanza o día 29 de decembro con D. Rubén Cela Díaz, Director Xeral de Xuventude e Solidariedade. A xuntanza foi convocada polo director xeral co obxecto de informarnos sobre as próximas actuacións e xestións que se van levar a cabo en relación á posta en marcha da rede de centros de educación afectivo-sexual de Galicia. Asisten Alfonso Tembrás e Montse Sánchez, tesoureiro e empregada do CEESG respectivamente.

MES DE XANEIRO

- ✓ Recurso de reposición contra a convocatoria e as bases xerais de acceso libre a prazas de persoal funcionario da Excm. Deputación Provincial de Lugo e as bases específicas para o acceso a dúas prazas de técnico actividades socioculturais, publicadas no BOP de Lugo de data 5 de decembro de 2006, co obxecto de que se declare o dereito dos/as diplomados/as en Educación Social e dos/as habilitados/as polo CEESG a participar no procedemento selectivo.
- ✓ Envío de escrito ao concello de Valdoviño (A Coruña) co obxecto de aclarar se a habilitación do CEESG se admitiría para participar no proceso selectivo do posto de Técnico en Educación-Intervención Familiar, anunciado a través do taboleiro de anuncios do concello en data 18 de decembro. Recibiuse resposta afirmativa do concello.
- ✓ Envío de escrito ao negociado de formación da Deputación Provincial de Ourense, facendo unha proposta de modificación dos criterios de acceso aos cursos de formación, de xeito que teñan máis peso as funcións desenvolvidas no posto de traballo ante a antigüidade para a adxudicación de prazas nos cursos.
- ✓ Xuntanza o día 9 de xaneiro con D. Daniel López Muñoz, Subdirector Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais e con D. Arturo González Iglesias, técnico da empresa Quadernas, encargada da elaboración do mapa galego de servizos sociais. A reunión foi convocada pola Secretaría Xeral do Benestar para solicitar aportacións específicas en relación ao mapa. Asisten M^a José Fernández e Montse Sánchez, vicepresidenta e empregada do CEESG respectivamente.

- ✓ Xuntanza o día 15 de xaneiro con D. Anxo Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, co obxecto de expoñerlle as nosas inquedanzas en relación a varios temas vinculados aos departamentos da vicepresidencia. Asisten Alberto Fernández Sanmamed, M^a José Fernández, Alfonso Tembrás e Jorge Piñeiro, membros da xunta permanente do CEESG, e Montse Sánchez, empregada.
- ✓ Convocatoria para o día 17 de xaneiro de xuntanza de colexiados/as que traballen no ámbito de drogodependencias, co obxecto de tratar todos os asuntos de actualidade relacionados co ámbito.
- ✓ Organización e desenvolvemento da *III Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social*, que tivo lugar o día 19 de xaneiro na cidade de Lugo.
- ✓ Solicitude de audiencia con D. Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, co obxecto de presentarlle dúas das solicitudes que vimos reiterando dende hai tempo sen que teñan resposta algunha por parte da administración: modificación do IV Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia e incorporación de Educadores/as sociais nos centros de ensino. Acompaña-se dossier en relación á modificación do convenio, que recolle relación das actuacións realizadas con este fin, copia dos escritos máis importantes, apoio manifestado polas universidades, un informe do CEESG sobre a xustificación da modificación, e peritaxe realizado pola Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social sobre a última convocatoria de prazas de "educador/a / profesor/a especial" por parte da Xunta de Galicia.
- ✓ Xuntanza o día 30 de xaneiro con D. Raúl Gómez Farto, Secretario de ensino público e niveis non universitarios de FETE-UGT, para solicitar o seu apoio á nosa proposta de incorporación de educadores/as sociais nos centros de ensino. Tamén se estableceu contacto cos sindicatos CC.OO. e CIG, cos que se prevén encontros no mes de febreiro.
- ✓ Asistencia á presentación do Plan de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 30 de xaneiro. Asistiu Alfonso Tembrás, tesoureiro do CEESG.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- *Directorio de fundacións e entidades de iniciativa social*. 2º semestre 2006. Xunta de Galicia.
- *Fiando nas ondas. O peiteado e a moda a finais do século XIX*. Centro Municipal de Atención ás Persoas Maiores do Concello de Narón.
- Revista "Ilusións. A revista dos maiores". Centro Municipal de Atención ás Persoas Maiores do Concello de Narón.
- Xornal: "Entre Mayores. Hablamos de ti". N° 63 e N° 64.
- Xornal "Infoxove". N° 8 e N° 9. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- AA.VV. (2006): *Voces poéticas contra a violencia de xénero*. Espiral Maior e Xunta de Galicia.
- Revista "Salud Vital" N° 52 e N° 54.
- "II Xornada de Incorporación Sociolaboral. Os itinerarios de inserción como ferramenta de traballo. Plan Galego de Inclusión Social 2001-2006". Actas da xornada do 29 de setembro de 2006. Concello de Pontevedra.
- Revista "Educar(NOS)". N° 35. Grupo Milani.
- Xornal "Nosotros". N° 83.
- Boletín "Aldizkaria". N° 135. Centro de Documentación de drogodependencias.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" N° 226 e N° 227. ONCE.
- Revista "Espai Social". Monográfico sobre a Educación Social no Sistema educativo. Col·legi Oficial d'Educadores i Educadors Socials de la Comunitat Valenciana.
- *Plan de Saúde 2006-2010*. Xunta de Galicia.
- *Problemas máis importantes en Galicia en relación coa saúde desde o punto de vista dos expertos. Enquisa Delphi. Resultados 2005*. Xunta de Galicia
- *Enquisa de saúde en Galicia 2005. Síntese de resultados*. Xunta de Galicia.
- *A nosa saúde en cifras. Ano 2005*. Xunta de Galicia.
- Revista "Noticias del UNICEF". N° 197.
- Educación e Mocidade. Programas e recursos. Concello de Santiago.
- Revista "Entorno Social" N° 71.
- Revista "CEDRO-NOS". Publicación dos usuarios da Unidade de Día de CEDRO.
- Xornal "Lazo Vermello". Grupo de autoapoio VIH/SIDA e adicións "IMÁN" U.A.D. Concello de Vigo.

ARTIGO DE INTERESE: APORTACIÓNS AO MAPA DE SERVIZOS SOCIAIS

O Mapa Galego de Servizos Sociais que se está a elaborar dende a Secretaría Xeral do Benestar, nace "coa vontade de levar a cabo a execución dun amplo programa de actuacións dirixidas a impulsar a creación dun Instrumento de Xestión e Planificación que sirva para ordenar a prestación dos Servizos Sociais de Galicia nos vindeiros anos, co fin último de mellorar o servizo que dende o ámbito público e privado se presta ó cidadán."

Dende o CEESG enviamos as nosas aportacións centrándoas en tres cuestións: a filosofía e fundamentos do mapa, os perfís profesionais e as ratios.

Respecto da primeira cuestión, en liñas xerais apuntamos a carencia de estratexias para a participación, así como o marcado carácter cuantitativo do mapa, sen ter en conta unha análise de necesidades máis cualitativas. Así mesmo, consideramos que a elaboración do mapa tería que ser anterior á presentación do texto de bases da futura Lei de servizos sociais.

En canto aos perfís profesionais, destacamos a falta dunha composición interdisciplinar dos equipos, o seu marcado carácter asistencial,

indicando tamén a necesidade de clarificar perfectamente os perfís e titulacións dos profesionais en favor duns servizos sociais plurais e de calidade.

No que respecta ás ratios dos educadores/as sociais, as cifras aportadas no documento inicial parecen insuficientes. Por outra parte, indicamos que as UTS deben estar compostas como mínimo por un/ha traballador/a social, un/ha psicólogo/a e un/ha educador/a social, complementando esta información co cadro de ratios que consideramos axeitadas para cada tipo de unidade e zona demográfica.

En relación con este tema, tivemos unha reunión no mes de xaneiro co Subdirector Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais e cun técnico da empresa encargada da elaboración do mapa, co obxecto de que lles trasladásemos a opinión sobre as ratios que consideramos máis axeitadas. Segundo nos informaron, a estratexia de traballo contempla agora xuntanzas por separado con cada colexio profesional vinculado, para posteriormente sumar opinións e aportacións nunha xuntanza común.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

O DITAME PERICIAL COMO MEDIO DE PROBA, A SÚA REGULACIÓN LEGAL

Organiza: CEESG.

Lugar: Santiago de Compostela. Centro Sociocultural do Ensanche.

Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo.

Data: venres 16 de febreiro.

Horario: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h.

Prezo: 40 €. Desempregados: 30 € (acreditar situación)

Información: CEESG.

SEMINARIO: A INTERVENCIÓN ESTRATÉXICA NA ABORDAXE DE ABUSOS SEXUAIS E VIOLENCIA FAMILIAR

Organiza: Fundació Concepció Juvanteny.

Lugar: Barcelona.

Datas: 24 e 25 de febreiro de 2007.

Prezo: Ata o día 12/02/07: 225 € Dende o día 13/02/2007: 250 €.

Información: Fundació Concepció Juvanteny

Tlf.: 699 651 164 (Isabel)

Tlf.: 699 662 045 (Emilia)

info@fundacio-c-juvanteny.org

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Cabanas (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público de 2006. Unha praza de Técnico de Emprego e Desenvolvemento local. (BOE de 11/01/07)

Concello de La Font d'En Carròs (Valencia): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Coordinador da Casa da Cultura. (BOE de 15/01/07)

Concello de Ponferrada (León): Convocatoria para prover varias prazas. Catro prazas de Educador/a Social. (BOE de 16/01/07)

Concello de Portas (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público para 2006. Un posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. (BOP de 17/01/07 e DOG de 16/01/07)

Deputación de A Coruña: Bases para a elaboración de listas de aspirantes para o posible nomeamento como funcionarios interinos e/ou laborais temporais para postos de Educador. (BOP de 20/01/07)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Decreto 5/2007 polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. (DOG de 29/01/07)

Concello de Parla (Madrid): Convocatoria para prover unha praza de Animador sociocultural de terceira idade. (BOE de 29/01/07)

Concello de Navalmoral de la Mata (Cáceres): Convocatoria para prover unha praza de Xestor Cultural. (BOE de 29/01/07)

OUTROS

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio. (DOG de 11/01/07. Corrección de erros no DOG de 15/01/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se publica o convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de intervención social integral para erradicación da pobreza. (BOE de 12/01/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se publica o convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral. (BOE de 12/01/07)

Deputación de Pontevedra: Bases de axudas para asociacións de mulleres sen fins de lucro. (BOP de 17/01/07)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007. (DOG de 23/01/07)

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2007 e 2008 de programas experimentais en materia de emprego. (DOG de 24/01/07)

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): Anuncio do concurso para a contratación da coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo, dinamización a través de talleres e animación de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal. (BOP de 30/01/07)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO

Convoca: Senes Centro de Iniciativas Transversais CIT.

Posto: Senes Centro de Iniciativas Transversais na súa Area Senes Activa, precisa diplomados/as en Educación Social para o desenvolvemento de accións puntuais con persoas maiores nas comarcas de Bergantiños e Fisterra.

Horario: tardes de luns a venres.

Contacto: Os/as interesadas enviar curriculum vitae antes do 20 de febreiro a senescit@terra.es ou a:

Senes Cit

R/Nicaragua 16, baixo

15005 A Coruña

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

